

REQUISITOS DE COMUNICACIÓN DO FINANCIAMENTO PÚBLICO


IN607E- AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO E AMPLIACIÓN DAS CAPACIDADES DOS CENTROS TECNOLÓXICOS GALEGOS MEDIANTE O APOIO Á CREACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN E DE ENSAIO E EXPERIMENTACIÓN

Responsabilidade da entidade beneficiaria

Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto nos artigos 47, 50 e Anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, a entidade beneficiaria durante o período de execución do proxecto e ata que remate o período de xustificación da subvención, recoñecerá a axuda a través do FEDER, e para iso:

a) No seu sitio web oficial, cando o dito sitio web exista, e nas súas contas das redes sociais fará unha breve descrición da operación, de xeito proporcionado en relación co nivel de axuda, cos seus obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da Unión Europea.

Para cumprir con este requisito pode utilizarse a seguinte imaxe e texto, a ilustración debe ser representativa do proxecto, estando relacionada coa súa temática:



 **XUNTA
DE GALICIA**

 **Cofinanciado pola
Unión Europea**

 **Fondos Europeos**

Esta entidade foi beneficiaria da convocatoria de axudas para o fortalecemento e ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora das infraestruturas de investigación e de ensaio e de experimentación, cofinanciada pola Unión Europea

Insertar ilustración ou
fotografía neste espazo

O obxectivo principal destas axudas é mellorar as capacidades dos centros tecnolóxicos a través do financiamento de infraestruturas de I+D+i

O resultado que se pretende acadar é potenciar a excelencia dos centros no ámbito internacional e reforzar as súas actividades de transferencia cara as pemes

ANEXO IX

b) Nos documentos e materiais de comunicación destinados ao público e relacionados coa execución da actuación, proporcionará unha declaración que destaque a axuda da Unión Europea de xeito visible.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

c) Para as actuacións que impliquen investimentos físicos e cuxo custo total sexa superior a 500.000 euros, tan pronto como comecen e durante a toda a súa execución, colocará un cartel temporal de tamaño significativo ou valo publicitario resistente nun lugar ben visible para o público. Ao rematar a execución da actuación e sempre antes de retirar este cartel temporal ou valo publicitario deberá colocar un cartel ou placa permanente nun lugar ben visible para o público.

d) Para as actuacións cuxo custo total sexa superior a 500.000 euros e que impliquen a adquisición de equipos, tan pronto como comecen, colocará un cartel ou placa permanente nun lugar ben visible para o público.

e) Para as actuacións que non se inclúan nos apartados anteriores exhibirase nun lugar ben visible para o público polo menos un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información onde se destaque a axuda dos fondos europeos.

f) Para as operacións cuxo custo total sexa superior a 10.000.000 euros, as entidades beneficiarias deberán organizar unha actividade ou acto de comunicación, segundo conveña, e farán partícipe á Comisión e á autoridade de xestión responsable no seu momento oportuno

Para o caso das **"pegatinas"** a colocar nas máquinas/equipamentos adquiridos non é preciso engadir todos os elementos dun cartel, polo que se podería seguir un formato abreviado:

Colocar os seguintes logos nunha mesma liña e nesta orde: Logo Xunta (ou Logo GAIN) + Logo Cofinanciado pola Unión Europea + Logo Fondos Europeos, e debaixo dos logos poñer o título da convocatoria resumido e con letra ben visible, que pode ser o seguinte: "Axudas para o fortalecemento e ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos".

ANEXO IX

O formato da placa permanente ou cartel informativo que se deberá utilizar é o seguinte, a ilustración debe ser representativa do proxecto, estando relacionada coa súa temática:



 XUNTA
DE GALICIA

 Cofinanciado pola
Unión Europea

 Fondos Europeos

(Nome da operación- proxecto de infraestrutura) foi subvencionado pola convocatoria de axudas para o Fortalecemento e Ampliación das Capacidades dos Centros Tecnolóxicos Galegos, cofinanciado pola Unión Europea.

O obxectivo principal deste proxecto de infraestrutura é ...

O resultado que se pretende acadar é ...

Inserir ilustración ou fotografía neste espazo

Cando varias actuacións teñan lugar no mesmo emprazamento só é preciso colocar unha placa ou cartel.

Durante o período de obrigabilidade de conservación da documentación, o centro beneficiario deberá conservar, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación. Este material deberá ser posto a disposición do Organismo Intermedio ou das institucións da Unión Europea se así llo solicitan. O centro beneficiario deberá respectar, en todo momento, as orientacións recollidas no documento de uso do emblema europeo (https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf) e as características técnicas descritas no Anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060.

Os modelos de carteis que figuran neste anexo, estarán dispoñibles na páxina web de GAIN.



ANEXO IX

No caso en que a execución da axuda implique o desenvolvemento de obras (obra civil e / ou edificación) o **cartel de obra** que deberá utilizarse será o seguinte:

 XUNTA DE GALICIA	 Cofinanciado pola Unión Europea
NOME DA OPERACIÓN NOME DA OPERACIÓN NOME DA OPERACIÓN NOME DA OPERACIÓN NOME DA OPERACIÓN	Resumo obxectivo do operación
Prazo: XX meses Orzamento: XX.XXX.XXX,XX € Constrúe: Nome da Empresa	 Fondos Europeos



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos